



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Asunto: nomeamento de 5 peóns de limpeza viaria para o Programa de Integración Laboral (PEL 2021)

Visto que por Resolución de Alcaldía se aprobou, o proceso selectivo de persoal para a 5 peóns na cuadrilla de limpeza viaria do Programa de Integración Laboral (PEL concellos 2021),

Visto que foi presentada unha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), oficina de Carballo, para a contratación de 5 postos de peóns de limpeza viaria con data do 25/05/2021, con data 04/06/2021 foron remitidos ao servizo de emprego e desenvolvemento local do Concello de Cabana de Bergantiños un total de 15 Curriculum Vitae (CV) no formulario da selección 5 da oferta 12-2021-4183 con número de RE nº800.

Realizada a comunicación vía telefónica da recepción dos CV aos candidatos propostos polo SPEG, e visto a non dispoñibilidade de moitos dos candidatos desempregados, foi necesario presentar un novo formulario de selección da mesma oferta, para o cal o SPEG, oficina de Carballo, reenviou un formulario da selección 6 da oferta 12-2021-4183, tal e como reflexa o expediente de selección, con RE nº 801 con data do 11/06/2021.

Visto que o dende o departamento de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello, se contactou cos candidatos desempregados e os desempregados interesados no proceso de selección presentaron en tempo e forma as instancias, segundo o previsto na base 5 das bases aprobadas que rexen o proceso selectivo,

Visto o decreto que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar da realización da proba práctica, e vistas as actas nº 1 e nº 2 do tribunal de selección da cuadrilla de limpeza viaria do día 28/06/2021 que inclúen a valoración da fase de concurso e a de oposición, así como a valoración total dos aspirantes e a proposta de adjudicación das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** nomear como PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA os aspirantes que forman parte do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña (PEL2021):

- Parga Arán Marcos
- Varela Ordoñez María Victoria
- Figueiras García José Antonio
- Valiña Martínez Abel
- Souto Bermúdez María Josefa

**Segundo:** outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios presenten a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato laboral.

**Terceiro:** publicar este acordo na web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Cuarto:** dar traslado desta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)